

PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MADRUGADORES NOS CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DO CONCELLO DE NARÓN

ARTIGO 1. FUNDAMENTO LEGAL E OBXETO

1.1.- O Concello de Narón, ao abeiro do disposto nos artigos 41 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece o prezo público pola prestación do servizo de madrugadores nos centros públicos de educación infantil e primaria do Concello de Narón que se rexerá polo disposto nos artigos 41 a 48 da citada lei e polo preceptuado no presente acordo.

1.2.- Terán a consideración de prezos públicos, as contraprestacións pecuniarias de carácter non tributario que satisfagan os beneficiarios pola prestación do servizo de madrugadores nos centros públicos de educación infantil e primaria do Concello de Narón.

1.3.- Ao abeiro do sinalado no artigo 44.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os ditos prezos sitúanse por debaixo do custe do servizo, ao existir evidentes razóns de interese público, de índole social que así o aconsellan polo exposto no obxecto e finalidade do servizo a financiar con estes prezos.

ARTIGO 2. OBRIGADOS AO PAGO

2.1.- Tendo en conta que as persoas usuarias do servizo gravado por estes prezos son menores de idade e que, polo tanto, non teñen capacidade de obrar, actuarán no seu nome, cos efectos previstos na Lei xeral Tributaria, as súas nais, pais, titores/as, ou calquera representante legal.

2.2.- Segundo a modalidade de prestación do servizo, distínguese entre usuarios/as fixos/as do servizo de madrugadores e esporádicos conforme ao seguinte:

Usuarios/as fixos/as: o alumnado que utilice o servizo diariamente, de luns a venres lectivos.

Usuarios/as esporádicos/as: o alumnado que utilice o servizo en días soltos de forma ocasional, sempre que se estea a prestar o servizo de madrugadores a persoas usuarias fixas no mesmo centro educativo e existan prazas libres.

ARTIGO 3. CONTÍA

3.1.- As cotas fixadas en concepto de prezos públicos, valoradas en función dos custes dos servizos recibidos serán as seguintes.

Usuario/a	Contía (€/día)	Contía (€/mes)
Fixo/a	-----	38,72
Esporádico/a	3,50	-----

3.2.- No caso dos usuarios/as fixos/as, a contía do prezo público será o mesmo para cada un dos 10 meses do curso escolar e independente do número de días lectivos en cada mes así como dos días nos que o/a alumno/a faga uso do servizo.

A falta de asistencia da persoa usuaria fixa durante algún día ou un período determinado, non suporá redución ningunha no pagamento do prezo público nin extinción da obriga deste.

Ós efectos do sinalado no parágrafo anterior, fíxose o cómputo sobre un calendario escolar tipo de 176 días lectivos estimados para cada curso escolar e un prezo diario

por servizo de 2,20 €/persoa, establecendo un prezo fixo/mes para os/as usuarios/as fixos/as do servizo de madrugadores de 38,72 euros mensuais.

ARTIGO 4. REDUCIÓNS NO PREZO

4.1.- Os/as usuarios/as fixos/as poderán acollerse á aplicación das reducións de prezos recollidas no apartado 2 deste artigo sempre que cumpran os requisitos establecidos en cada caso.

En ningún caso se concederán reducións no prezo aos/ás usuarios/as esporádicos/as.

4.2.- TIPOS DE REDUCIÓNS:

a) REDUCIÓNS DO PREZO (sen valoración de umbral de renda)

a.1) Terán unha redución do 100% do prezo os/as obrigados/as ao pago incluídos no programa de educación familiar con informe de vulnerabilidade.

b) REDUCIÓNS NO PREZO (sempre que non se superen os umbrais de renda)

b.1) Reducións do 100% do prezo público:

- a) Alumnado cunha porcentaxe mínima de discapacidade recoñecida do 33% ou superior.
- b) Familias numerosas de categoría especial.
- c) Segundo/a fillo/a e seguintes de familia monoparental.
- d) Familias vítimas de violencia de xénero.

b.2) Reducións do 50% do prezo público:

1.- Familias numerosas de categoría xeral: 50% de bonificación do prezo público a cada neno/a que faga uso do servizo de madrugadores.

2.- Familias con dous fillos/as, 50% de bonificación no segundo/a fillo/a. Incompatible coa axuda por familia numerosa xeral.

3.- 50% de bonificación no primeiro/a fillo/a de familia monoparental.

UMBRAIS DE RENDA

As reducións previstas no apartado b) soamente serán de aplicación cando a base impoñible, menos o mínimo persoal e familiar da unidade familiar na que se integre a persoa usuaria, non supere as seguintes contías:

Número de membros da unidade de convivencia	Límite anual de ingresos*
2	IPREM + 70%
3	IPREM + 90%
4	IPREM + 110%
5	IPREM + 130%
6	IPREM + 150%
7 ou máis	IPREM + 170%

*Aplicase o umbral de renda previsto no Regulamento de Axudas Financeiras municipal para o material e comedor escolar.

4.3- Os/as usuarios/as deberán de presentar solicitude para a aplicación das reducións recollidas no parágrafo anterior no modelo normalizado que se aprobe polo Concello, acompañando á dita solicitude a documentación xustificativa pertinente.

A valoración das solicitudes de redución realizarase polo persoal técnico do servizo Sociocomunitario segundo as directrices e instrucións que –de ser o caso- se determinen polo Servizo de Facenda; é, previa conformidade do dito servizo, serán resoltas pola Alcaldía ou órgano en que delegue.

As reducións concedidas terán efecto a partir do primeiro día do mes seguinte ó da Resolución de concesión.

4.4.- Os/as obrigados/as ao pago beneficiarios/as das reducións deberán de comunicar ao Concello – no prazo de 15 días hábiles dende a data na que se produza- os cambios posteriores na situación económica da unidade de convivencia. O incumprimento desa obriga suporá a esixibilidade das cotas que indebidamente deixaran de aboarse.

ARTIGO 5. OBRIGA DE PAGAMENTO

5.1 A obriga do pagamento do prezo público nace no momento en que se inicia a prestación do servizo.

ARTIGO 6. NORMAS DE XESTIÓN

6.1.- LIQUIDACIÓN E FORMA DE PAGO DO PREZO

6.1.1.- A reivindicación dos prezos públicos se produce mensualmente emitíndose recibos mensuais que se liquidarán por mes vencido.

6.1.2.- Confección das listas cobratorias: Mensualmente, o servizo sociocomunitario elaborarán relación dos/as usuarios/as que se beneficiaron do servizo con indicación da cota que procede. Dita proposta remitirase ao Servizo de Facenda, xunto cos documentos e soportes necesarios para proceder á súa aprobación polo órgano competente.

6.1.3.- Cobro das cotas: O pago do prezo público (usuarios fixos/espórádicos) realizarase, obrigatoriamente, mediante domiciliación bancaria debendo os/as obrigados/as presentar solicitude de domiciliación no modelo normalizado do Concello (T-TES-02) antes do inicio da prestación do servizo.

6.1.4.- O prazo de ingreso será o mes natural seguinte a aquel no que se liquiden as cotas mensuais reivindicadas.

6.1.5.- As débedas deste prezo serán esixidas polo procedemento de prema.

6.2.- BAIXAS NO SERVIZO

En caso de baixa do servizo (usuarios/as fixos/as) deberán presentar solicitude no rexistro xeral do Concello ou sede electrónica, comunicando a data na que abandonan a prestación. Independentemente da data a partir da cal causarán baixa no servizo abonarase o prezo público polo mes completo.

6.3.- FALTA DE PAGAMENTO DO PREZO

6.3.1.- A falta de pagamento do prezo público levará consigo a baixa da condición de persoa usuaria do servizo, nos termos establecidos no Regulamento do servizo de madrugadores nos centros públicos de educación infantil e primaria do Concello de Narón.

6.3.2.- A devolución de dúas cotas mensuais consecutivas determinará a suspensión do servizo.

DISPOSICIÓN FINAL

Os Prezos Públicos entrarán en vigor ao día seguinte da publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña do Acordo de aprobación polo Pleno do Concello.